



Corrección de erros. Resolución do 11 de xullo de 2018, da Xefatura Territorial de Lugo-Celeiro da Consellería do Mar, pola que se convoca o proceso selectivo para o acceso ao permiso de explotación, modalidade de marisqueo a pé, para o exercicio da actividade no ámbito da Confraría de Pescadores do Vicedo (Lugo)

Advertido un erro na Resolución do 11 de xullo de 2018, da Xefatura Territorial de Lugo-Celeiro da Consellería do Mar, pola que se Convoca o proceso selectivo para o acceso ao permiso de explotación, modalidade de marisqueo a pé, para o exercicio da actividade no ámbito territorial da Confraría do Vicedo (Lugo), cómpre facer a seguintes correccións:

1. No punto 1 da resolución, onde di: “Convocar o proceso selectivo para a obtención dun (1) permiso de explotación, modalidade de marisqueo a pé, para o exercicio da actividade no ámbito territorial da Confraría do Vicedo (Lugo).”

. Debe dicir: “Convocar o proceso selectivo para a obtención de catro (4) permisos de explotación, modalidade de marisqueo a pé, para o exercicio da actividade no ámbito territorial da Confraría do Vicedo (Lugo).”

2. No anexo A 1. Normas xerais da resolución, onde di: “O obxecto deste proceso selectivo será a obtención dun (1) permiso de explotación, modalidade de marisqueo a pé, para o exercicio da actividade extractiva no ámbito territorial da Confraría do Vicedo.”

. Debe dicir: “O obxecto deste proceso selectivo será a obtención de catro (4) permisos de explotación, modalidade de marisqueo a pé, para o exercicio da actividade extractiva no ámbito territorial da Confraría do Vicedo.”

Esta corrección de erros non modifica o resto do contido na antedita Resolución do 11 de xullo de 2018.

Celeiro-Viveiro, 12 de xullo de 2018

O xefe territorial
Pablo Ramón Fernández Asensio

